

2. Formulada a solicitude, achegada a documentación e verificada esta, o expediente someterase a informe motivado do Consello de Coordinación Universitaria.

Este informe terá o carácter de preceptivo e determinante para os efectos previstos no punto 5.c) do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Así mesmo, solicitaráselle informe, con carácter preceptivo, á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 31 da Lei orgánica de universidades.

4. O ministro de Educación, Cultura e Deporte elevará ó Consello de Ministros a proposta, se é o caso, de declaración de equivalencia, que deberá ser adoptada por este mediante real decreto.

Artigo 5. *Rexistro de equivalencias.*

As declaracións de equivalencia a que se refire o artigo anterior inscribíranse nunha sección especial do Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.

Disposición adicional primeira. *Equivalencia para efectos do disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto.*

Para efectos do disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, considerarase equivalente ó título de diplomado universitario ter superado os tres primeiros cursos completos dos estudos conducentes á obtención de calquera título oficial de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, ou o primeiro ciclo correspondente ós ditos estudos, sempre que este primeiro ciclo conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos.

Disposición adicional segunda. *Equivalencias en vigor.*

1. Este real decreto apróbase sen prexuízo do disposto no Real decreto 434/2002, do 10 de maio, sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación para a incorporación ás escalas superior de oficiais e de oficiais, dos corpos das Forzas Armadas, aprobado en desenvolvemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

2. Este real decreto non afecta as equivalencias a estudos universitarios que fosen establecidas por normas dictadas con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición adicional terceira. *Declaracións individuais de equivalencia en virtude de normas anteriores á Lei orgánica de universidades.*

1. O ministro de Educación, Cultura e Deporte, ou órgano en que delegue, poderá resolver solicitudes de declaración individual de equivalencia de títulos ou diplomas con efectos determinados que presenten os intereses, en virtude de equivalencias xerais xa declaradas polas normas xurídicas que, se é o caso, sexan aplicables.

2. A resolución e notificación relativa á procedencia ou non da declaración de equivalencia deberá adoptarse dentro do prazo de seis meses. A falta de notificación de resolución expresa no prazo antes sinalado permitirá entender desestimada a solicitude de equivalencia, de conformidade coa disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, de acordo co que nela

se prevé para a expedición, renovación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas, licencias e certificados académicos ou profesionais no seu anexo II.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1282/2002, do 5 de decembro, polo que se regula o Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.*

Modifícase o punto 2 do artigo 1 do Real decreto 1282/2002, do 5 de decembro, polo que se regula o Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas, que queda redactado como segue:

«2. O citado rexistro estará constituído por catro seccións:

- a) Universidades.
- b) Centros e estruturas.
- c) Ensinanzas.
- d) Ensinanzas declaradas equivalentes ás universitarias.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias atribuídas ó Estado no artigo 140.1.30.^a da Constitución, o artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e a disposición derradeira terceira da dita lei orgánica.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DO INTERIOR

19714 *REAL DECRETO 1325/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas.* («BOE» 256, do 25-10-2003.)

A situación da poboación civil vítima da guerra e a obriga de protección dispensada polos Estados que non participan no conflito arrinca, no dereito internacional humanitario, das convencións de Xenebra de 1949 e, especialmente, da IV convención.

Sucesivas declaracións rexionais, como a da Organización da Unidade Africana, do 10 de setembro de

1969, ou a de Cartagena de Indias, do 22 de novembro de 1984, configuraron no dereito internacional o principio de non devolución ó país de orixe da poboación civil que foxe do seu país cando este está sumido nun conflito armado.

A proliferación de conflitos armados internos na década dos anos 90, en que sectores de poboación civil se converteron nun dos principais obxectivos militares, colocou o problema da protección destas poboacións ameazadas nun lugar preferente nos debates da comunidade internacional.

Facéndose eco destas preocupacións, o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea no seu artigo 63.2 establece que o Consello de Ministros deberá adoptar unhas normas mínimas para conceder protección temporal ás persoas desprazadas procedentes de terceiros países que non poden volver ó seu país de orixe.

En cumprimento deste mandato, o Consello de Ministros da Unión Europea adoptou a Directiva 2001/55/CE do Consello, do 20 de xullo de 2001, relativa ás normas mínimas para a concesión de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas e a medidas de fomento dun esforzo equitativo entre os Estados membros para acolle-las ditas persoas e asumilas consecuencias da súa acollida.

O ordenamento xurídico español, sen embargo, non era alleo a estas preocupacións. Así, a Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, establece no seu artigo 17.2 que ó estranxeiro a quen a solicitude de asilo non lle fose admitida a trámite ou lle fose denegada se lle poderá autorizar por razóns humanitarias ou de interese público, no marco da lexislación xeral de estranxeiría, a permanencia en España, en particular cando se trate de persoas que, como consecuencia de conflitos ou disturbios graves de carácter político, étnico ou relixioso, se visen obrigadas a abandonar o seu país. Este precepto foi desenvolvido no artigo 31.3 e na disposición adicional primeira do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

Este desenvolvemento regulamentario deu lugar a dúas situacións xurídicas diferentes: unha, para atender razóns humanitarias vinculadas ó principio de non devolución e á situación do país de orixe; e a segunda, dirixida ós desprazados, ben cando o Consello de Ministros decide acoller en España a persoas necesitadas de protección, ben cando de forma individual e polas mesmas circunstancias accedan ó territorio español, recollidas no artigo 31.3 e na disposición adicional primeira do Regulamento de aplicación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, respectivamente.

Ó mesmo tempo, a disposición adicional segunda do citado regulamento recolle unhas mínimas normas de actuación para o caso de que fluxos de desprazados cheguen de forma masiva ás fronteiras españolas.

Estas disposicións adicionais do Regulamento de aplicación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, referidas ós desprazados, vense directamente afectadas pola Directiva 2001/55/CE do Consello, do 20 de xullo de 2001, relativa ás normas mínimas para a concesión de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas e a medidas de fomento dun esforzo equitativo entre os Estados membros para acolle-las ditas persoas e asumilas consecuencias da súa acollida, a adopción e o cumprimento da cal implica a necesidade de elaborar un novo regulamento que, por unha parte, proceda á súa transposición e, por outra, desenvolva de forma máis explícita os procedementos que deban seguirse cando se actúa

no ámbito das competencias nacionais, e regule o réxime de protección temporal, xa sexa declarado polo Consello da Unión Europea ou polo Goberno español; mentres, o estatuto de refuxiado e a protección por razóns humanitarias continuarán rexendo pola vixente normativa de asilo.

Non obstante, debe destacarse que, para o correcto funcionamento do sistema que se establece con este regulamento, faise preciso modificar no indispensable o Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, co fin de, por unha parte, axustalo xogo da protección que España dispensa ás distintas categorías de persoas necesitadas dela, e, por outra, corríxilas deficiencias que se puxeron de manifesto na aplicación práctica do réxime de protección por razóns humanitarias, sen que iso supoña o abandono da doutrina que en materia de protección internacional establecera o Consello de Estado e que inspira todo o noso sistema, modificación que se recolle na disposición derradeira segunda deste real decreto.

A consecución do obxectivo do correcto funcionamento do sistema tamén obriga, por último, a modificarlo Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo, o que se leva a cabo pola disposición derradeira terceira deste real decreto, para adapta-las súas referencias á nova norma e á modificación de determinados preceptos do Regulamento de aplicación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, e evitar lagoas xurídicas que se producirían coa derogación das disposicións adicionais primeira e segunda do citado regulamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de outubro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas.

Apróbase o Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, do cal se insire o texto a seguir.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas as disposicións adicionais primeira e segunda do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Habilitación de desenvolvemento.

1. Autorízanse os ministros de Asuntos Exteriores, do Interior, do Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas para dictar, no ámbito das súas respectivas competencias e, se é o caso, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría, as normas

que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

2. No suposto de que as materias non sexan obxecto da exclusiva competencia de cada un deles, a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto levarase a cabo mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros afectados.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

O Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea c) do artigo 2.3, que queda redactada como segue:

«c) Elevarlle ó ministro do Interior as propostas de autorización de permanencia en España acordadas no ámbito do artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, de conformidade co previsto no artigo 31.3 deste regulamento.»

Dous. Modifícanse as alíneas d) e h) do artigo 2.3, que quedan redactados como segue:

«d) Propo-la documentación que se expedirá ós solicitantes de asilo, ós refuxiados recoñecidos, ós que se autorice a permanecer en España en aplicación do punto anterior e a aqueles ós que é de aplicación o Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, aprobado polo Real decreto 1325/2003, do 24 de outubro.

h) Elevarlle ó ministro do Interior as propostas de resolución previstas no Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, aprobado polo Real decreto 1325/2003, do 24 de outubro.»

Tres. Modifícase a alínea g) do artigo 3, que queda redactado como segue:

«g) Someter á dita comisión as propostas de autorización de permanencia en España acordadas no ámbito do artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, nos termos previstos no artigo 31.3 deste regulamento.»

Catro. Engádesse unha alínea k) ó artigo 3, coa seguinte redacción:

«k) Instruí-los expedientes para a concesión dos beneficios da protección temporal de conformidade co previsto no Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, aprobado polo Real decreto 1325/2003, do 24 de outubro, así como aquelas funcións sinaladas nos puntos anteriores de aplicación ós ditos expedientes.»

Cinco. Modifícase o punto 2 do artigo 22, que queda redactado como segue:

«2. Non obstante o previsto no punto anterior, ó non admitir a trámite unha solicitude de asilo en fronteira, o ministro do Interior, en aplicación

do artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, poderá autoriza-la entrada do estranxeiro e a súa permanencia en España nos termos previstos no artigo 31.3 deste regulamento.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«2. Non obstante o disposto no punto anterior, se o solicitante de asilo non admitido reunise os requisitos necesarios para permanecer en España conforme a normativa de estranxeiría, ou se se considerase que existen razóns humanitarias conforme o artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, o ministro do Interior, por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, poderá autoriza-la súa permanencia en España nos termos previstos no artigo 31.3 deste regulamento.»

Sete. Modifícase o punto 3 do artigo 31, que queda redactado como segue:

«3. O ministro do Interior, por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, poderá autoriza-la permanencia en España conforme o previsto no artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, sempre que se aprecien motivos serios e fundados para determinar que o retorno ó país de orixe suporía un risco real para a vida ou a integridade física do interesado. A resolución denegatoria deberá conte-la xustificación e especificalo réxime xurídico da situación de permanencia e a súa duración de conformidade coa normativa de estranxeiría vixente.

Se no momento de finalización da estadía ou residencia concedida como consecuencia da autorización de permanencia mantiveren a súa vixencia os motivos que a xustificaron, o interesado, segundo proceda, poderá insta-la concesión ou renovación do permiso de residencia temporal. A autoridade competente para iso solicitaralle informe á Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio sobre a dita vixencia.»

Oito. Engádesse un punto 4 ó artigo 31, coa seguinte redacción:

«4. Por razóns humanitarias distintas das sinaladas no punto anterior o interesado poderá solicita-la autorización de permanencia en España ó amparo do disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro.»

Disposición derradeira terceira. Modificación do Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo.

O Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. As alíneas a) e b) do artigo 41.3 quedan redactadas como segue:

«a) Ás persoas beneficiarias da protección temporal prevista no Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, aprobado polo Real decreto 1325/2003, do 24 de outubro.

b) A aquelas persoas ás que, téndolles sido denegada ou non admitida a trámite a súa solicitude de asilo, se lles autorizou a permanencia en España ó amparo do artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, nos termos previstos no artigo 31.3 do seu Regulamento de aplicación, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.»

Dous. O último parágrafo do punto 8 do artigo 41 queda redactado como segue:

«No caso de que fosen concedidos ó amparo do establecido nas alíneas a) e b) do punto 3 deste artigo, os permisos renovaranse anualmente nos termos establecidos no artigo 16 do Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, aprobado polo Real decreto 1325/2003, do 24 de outubro, e 31.3 do Regulamento de aplicación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

REGULAMENTO SOBRE RÉXIME DE PROTECCIÓN TEMPORAL EN CASO DE AFLUENCIA MASIVA DE PERSOAS DESPRAZADAS

CAPÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regula-lo réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas procedentes de terceiros países non membros da Unión Europea que non poidan regresar en condicións seguras e duradeiras debido á situación existente nese país, e que poidan eventualmente caer dentro do ámbito de aplicación do artigo 1.A da Convención de Xenebra sobre o Estatuto dos refuxiados, do 28 de xullo de 1951, ou outros instrumentos internacionais ou nacionais de protección internacional.

Artigo 2. *Definición de desprazado.*

Considéranse desprazados os nacionais dun terceiro país non membro da Unión Europea ou apátridas que tivesen que abandonar-lo seu país ou rexión de orixe, ou que fosen evacuados, en particular:

a) As persoas que fuxisen de zonas de conflito armado ou de violencia permanente.

b) As persoas que estivesen ou estean en perigo grave de se veren expostas a unha violación sistemática ou xeneralizada dos dereitos humanos.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Poderanse acoller ó réxime previsto neste regulamento os colectivos de persoas desprazadas que se encontren amparados por unha declaración xeral de protección temporal adoptada conforme o previsto no capítulo II.

CAPÍTULO II

Declaración xeral de protección colectiva

Artigo 4. *Declaración xeral de protección.*

O réxime de protección temporal regulado neste regulamento será declarado:

a) Polo Consello da Unión Europea, mediante decisión, por proposta da Comisión Europea.

b) Polo Goberno español, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores nos supostos de evacuación, ou do ministro do Interior nos de emerxencia.

Artigo 5. *Declaración xeral do Consello da Unión Europea.*

1. O Consello de Ministros poderalle solicitar á Comisión Europea que eleve ó Consello da Unión Europea unha proposta para que declare a protección temporal, que inclúa unha descrición dos grupos concretos de persoas ós que se aplicaría e das necesidades do Goberno español para facer fronte á situación creada.

2. A información sobre a capacidade de recepción do Estado español, así como, se é o caso, a dispoñibilidade suplementaria de acollida con posterioridade a que fose declarada a protección temporal será comunicada polo ministro do Interior, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría.

3. O delegado do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración designará a autoridade nacional encargada de cooperar coas designadas polos outros Estados membros na xestión da protección temporal. A designación será comunicada ós Estados membros e á Comisión Europea.

Artigo 6. *Declaración xeral do Goberno español.*

A declaración xeral do Goberno español realizarase mediante acordo motivado do Consello de Ministros que deberá conter, como mínimo, as seguintes mencións:

a) Unha descrición dos grupos concretos de persoas ás que se lles aplicará a protección temporal.

b) A data en que terá efecto a protección temporal.

c) Unha estimación da magnitude dos movementos de persoas desprazadas.

Artigo 7. *Duración.*

1. Cando o Consello de Ministros declare a protección temporal, esta terá unha duración dun ano, automaticamente prorrogable por outro período anual. Unha vez esgotada a dita prórroga, e se persistisen os motivos que deron lugar á súa adopción, o Consello de Ministros, por proposta do ministro do Interior, oída a Comisión Interministerial de Estranxeiría, poderá prorrogala dita protección temporal durante un ano máis como máximo.

2. En calquera momento o Consello de Ministros, por proposta do ministro do Interior, oída a Comisión Interministerial de Estranxeiría, poderá dar por finalizada a protección temporal cando se resolva o conflito que a motivou e existan condicións favorables ó retorno.

Artigo 8. *Actuacións previas en situacións de emerxencia.*

1. Cando, como consecuencia dun conflito ou disturbio grave de carácter político, étnico ou relixioso, se

acerque ás fronteiras españolas ou entre en territorio español un número importante de persoas, e resulten insuficientes as previsións da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, e as do seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, o delegado do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración, coa colaboración das unidades administrativas responsables na materia, ordenará as actuacións necesarias para atender-las súas necesidades humanas inmediatas, en especial alimentación, aloxamento e atención médica, e convocará a Comisión Interministerial de Estranxeiría para dar conta da situación.

2. A Oficina de Asilo e Refuxio e a Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación, en cooperación coa Dirección Xeral de Protección Civil e as institucións públicas e privadas que coiden pertinentes, efectuarán a inscrición dos afectados e farán unha avaliación da situación do colectivo en función das circunstancias persoais dos seus compoñentes.

3. O informe que resulte desta valoración irá acompañado dunha descrición das necesidades de protección do colectivo. O director xeral de Estranxeiría e Inmigración presentará o informe á Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio para a súa análise e remisión á Comisión Interministerial de Estranxeiría. Á sesión da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio será convocado o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados.

Artigo 9. *Procedemento de emerxencia.*

O ministro do Interior, oída a Comisión Interministerial de Estranxeiría, elevaralle ó Consello de Ministros unha proposta para acorda-lo réxime de protección temporal se procede, ou a recomendación, se é o caso, de lle solicitar á Comisión Europea a presentación dunha proposta ó Consello da Unión Europea para que tome a decisión sobre a existencia dunha afluencia masiva de persoas desprazadas; o Consello de Ministros adoptará o acordo que coide oportuno.

Artigo 10. *Procedemento de evacuación.*

1. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores, oída a Comisión Interministerial de Estranxeiría, poderá dispensar protección temporal ás persoas desprazadas como consecuencia de conflitos ou disturbios graves de carácter político, étnico ou relixioso, no marco de programas de evacuación humanitarios.

2. A operación de acollida será coordinada polo delegado do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración coa colaboración da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Protección dos Españóis no Estranxeiro, a Dirección Xeral de Estranxeiría e Inmigración, a Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación e o Instituto de Migracións e Servicios Sociais, e poderá solicita-la colaboración doutras unidades administrativas responsables na materia, así como do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados e doutras organizacións internacionais e non gobernamentais interesadas.

3. Os visados, salvoconductos ou autorizacións de entrada que se expidan en aplicación deste artigo tramitaranse con carácter preferente.

CAPÍTULO III

Procedemento de recoñecemento individual

Artigo 11. *Resolución do ministro do Interior.*

1. Unha vez adoptada a declaración xeral de protección temporal polo Consello da Unión Europea ou

polo Goberno español, o ministro do Interior, logo de solicitude dos interesados que será tramitada pola Oficina de Asilo e Refuxio, e por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, resolverá motivada e individualmente sobre a concesión dos beneficios do réxime de protección temporal nos termos e prazos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro.

2. O ministro do Interior poderá estende-lo gozo do réxime de protección temporal a outras persoas desprazadas polas mesmas razóns e que procedan do mesmo país ou rexión de orixe que as cubertas pola declaración xeral de protección de conformidade co disposto no punto anterior.

Artigo 12. *Denegación.*

1. Non se concederán os beneficios do réxime de protección temporal ás persoas comprendidas nos seguintes supostos:

a) Cando existan motivos xustificados para considerar que a persoa en cuestión:

1.º Cometeu un delito contra a paz, un crime de guerra ou un crime contra a humanidade, segundo se definen nos instrumentos internacionais elaborados para responder a tales crimes.

2.º Cometeu un grave delito común fóra do Estado español antes da súa admisión neste como beneficiaria de protección temporal. A gravidade da persecución que cabe esperar debe considerarse en relación coa natureza do delito presuntamente cometido polo interesado. As accións especialmente cruéis, incluso se se cometeron cun obxectivo pretendidamente político, poderán ser cualificadas como delitos comúns graves. Isto é válido tanto para os participantes no delito como para os investigadores deste.

3.º Se fixo culpable de actos contrarios ás finalidades e ós principios das Nacións Unidas.

b) Cando existan razóns fundadas para considerar que a persoa en cuestión representa un perigo para a seguridade nacional ou cando, por ter sido obxecto dunha condena definitiva por un delito particularmente grave, constitúa unha ameaza á orde pública.

2. A apreciación dos motivos previstos no punto anterior basearase unicamente no comportamento da persoa en cuestión e respectará o principio de proporcionalidade.

Artigo 13. *Rexistro.*

1. Existirá na Oficina de Asilo e Refuxio un rexistro onde consten polo menos os datos das persoas que se beneficien do réxime de protección temporal en territorio español que se mencionan a continuación:

a) Datos persoais de filiación e aqueles outros que axuden a determina-la condición de desprazado.

b) Documentos de identidade e de viaxe.

c) Documentos probatorios dos vínculos familiares (acta de matrimonio, partida de nacemento, certificado de adopción).

d) Outra información esencial para determina-la identidade ou o vínculo familiar da persoa.

e) Permisos de residencia, visados ou decisións de denegación de permiso de residencia expedidos á persoa en cuestión, así como os documentos en que se baseen as ditas decisións.

f) Solicitudes de permiso de residencia ou de visado presentadas pola persoa en cuestión e estado da súa tramitación.

2. O tratamento destes datos suxeitarase ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Por petición doutro Estado membro, facilitarase a información existente no rexistro, para a realización das dilixencias previstas neste regulamento.

CAPÍTULO IV

Contido da protección temporal

Artigo 14. *Liberdade de circulación e residencia. Medidas cautelares.*

1. A persoa á que por resolución do ministro do Interior se lle conceda o réxime de protección temporal terá dereito a circular libremente polo territorio español e a residir libremente nel.

2. Non obstante, por razóns de seguridade pública, o ministro do Interior poderá adoptar calquera das medidas cautelares previstas no artigo 5 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e no artigo 18 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado.

Artigo 15. *Información.*

As persoas beneficiarias da protección temporal serán informadas por escrito, nunha lingua que poidan comprender, dos dereitos e obrigas do estatuto de desprazado. Este documento seralles entregado ós solicitantes no momento de formula-la solicitude.

Artigo 16. *Permiso de residencia.*

1. Ós beneficiarios da protección temporal concederáselles un permiso de residencia ó amparo do disposto no artigo 41.3.a) do Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo, e as súas renovacións serán anuais logo de informe da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio sobre a vixencia do réxime de protección temporal.

2. Co fin de obte-lo permiso de residencia regulado no punto anterior, así como calquera das súas renovacións, os interesados deberán solicitalo mediante comparecencia persoal ante as oficinas de estranxeiros ou, no seu defecto, a comisaría de policía da localidade onde pretenda fixar ou teña fixada a súa residencia.

Artigo 17. *Título de viaxe.*

Os beneficiarios da protección temporal que xustifiquen a necesidade de saír do territorio nacional e non teñan pasaporte nin título de viaxe, ou que, téndoos, non sexan válidos, serán provistos dun título de viaxe de acordo co artigo 57 do Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo.

Artigo 18. *Acollida en territorio nacional.*

Cando unha persoa beneficiaria da protección temporal en territorio español en virtude dunha decisión do

Consello da Unión Europea permaneza ou pretenda entrar sen autorización no territorio doutro Estado membro da Unión Europea durante o período cuberto pola dita decisión, volverase a acoller en territorio nacional, salvo que se estableza o contrario nun acordo bilateral.

Artigo 19. *Autorización para traballar.*

Outorgaráselle-la autorización administrativa para traballar ós beneficiarios da protección temporal de acordo co artigo 79.1.b) do Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, aprobado polo Real decreto 864/2001, do 20 de xullo.

Artigo 20. *Axudas sociais.*

1. Os beneficiarios da protección temporal que non dispoñan de recursos suficientes poderán beneficiarse de servizos sociais e sanitarios de acordo coa normativa de asilo, en particular os que presenten necesidades especiais, de conformidade co que se establece no artigo 15 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

2. Ós beneficiarios da protección temporal menores de 18 anos en situación de desamparo seralles de aplicación o disposto no artigo 15.4 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro. O seu réxime de tutela, representación e aloxamento será o vixente na comunidade autónoma onde se atope o menor.

Artigo 21. *Reagrupamento familiar.*

1. Concederáselle-los beneficios da protección temporal, logo de solicitude do beneficiario desta en España tramitada pola Oficina de Asilo e Refuxio, ós membros da súa familia, sempre que esta estivese xa constituída no país de orixe e que, debido ás circunstancias que deron lugar á declaración da protección temporal, se separasen.

2. Para estes efectos, consideraranse membros da familia:

a) O cónxuxe do beneficiario ou a persoa que se atope ligada por análoga relación de afectividade e convivencia, salvo casos de separación legal, separación de feito ou divorcio.

b) Os fillos menores solteiros do beneficiario ou das persoas mencionadas na alínea anterior.

c) Os ascendentes en primeiro grao do beneficiario que convivisen xuntos e formasen parte da unidade familiar no momento de se produciren os acontecementos que deron lugar á declaración de protección temporal, e que fosen total ou parcialmente dependentes do beneficiario no dito momento.

3. Se é o caso, os visados, salvoconductos ou autorizacións de entrada que se expidan en aplicación do disposto neste artigo tramitaranse con carácter preferente.

4. Se, debido ás circunstancias que deron lugar á declaración do réxime de protección temporal polo Consello da Unión Europea, os distintos membros dunha familia gozasen daquela en España e noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, procederase ó seu reagrupamento. A Oficina de Asilo e Refuxio será competente para levar a cabo as actuacións necesarias coas

institucións dos outros Estados membros designadas para o efecto e, se é o caso, en cooperación coas organizacións internacionais pertinentes. Para o traslado destes beneficiarios utilizarase o modelo de salvoconducto establecido no anexo.

Artigo 22. *Solicitud de estatuto de refuxiado.*

As persoas beneficiarias de protección temporal poderán, na súa calidade de estranxeiros, solicita-lo recoñecemento da condición de refuxiado conforme a Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, e o seu Regulamento de aplicación, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro. Non se acumulará o beneficio da protección temporal cos beneficios do solicitante de asilo cando se estea tramitando a solicitude.

CAPÍTULO V

Extinción da protección temporal

Artigo 23. *Finalización da protección temporal.*

1. O acordo de finalización do réxime de protección temporal conforme o disposto no artigo 7.2 comunicáraselles ós interesados no momento de renovar o permiso de residencia, e daráselles un prazo para formular as alegacións que coiden oportunas.

2. Se, finalizado o réxime de protección temporal polo transcurso do tempo, se mantivesen viventes as circunstancias que deron lugar á súa declaración, os beneficiarios poderán optar á protección prevista no artigo 17.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito e da condición de refuxiado. Os interesados deberán presentar persoalmente a súa solicitude en calquera dos lugares sinalados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 4.1 do Regulamento de aplicación da citada lei, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

3. Así mesmo, permitirase a continuación da residencia ó amparo do disposto na normativa vixente de estranxeiría, sempre que se cumpran os requisitos que nela se recollen, cando o interesado alegue xustificación razoable para permanecer en España.

Artigo 24. *Cesamento dos beneficios da protección temporal.*

1. Os beneficios da protección temporal cesarán de forma automática nos seguintes casos:

- a) Polo transcurso do prazo establecido no artigo 7.1.
- b) Cando o beneficiario da protección temporal obtivese a nacionalidade española.
- c) Cando voluntariamente decida o beneficiario da protección temporal regresar ó seu lugar de procedencia e así o manifeste de forma expresa ante a autoridade gubernativa competente.
- d) Por renuncia expresa do beneficiario.
- e) Cando se realice o traslado do beneficiario ó territorio doutro Estado membro da Unión Europea conforme o disposto no artigo 21.4.

2. O ministro do Interior, por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, declarará cesados os beneficios da protección temporal por renuncia tácita do beneficiario. Entenderase que se produciu unha renuncia tácita cando o interesado, tras ser requirida a súa comparecencia ante a autoridade competente para a realización dun trámite indispensable, non compareza no prazo de 45 días desde que se practicou o requirimento, salvo que se acredite que a incomparecencia foi debida a causa xustificada.

Artigo 25. *Revogación do beneficio de protección temporal.*

1. A Oficina de Asilo e Refuxio iniciará os trámites para revoga-la resolución pola que se concede a protección temporal cando esta se obtivese mediante datos, documentos ou declaracións dos que se poña de manifesto a falta de veracidade por outros ós que se teña acceso posteriormente e que resulten esenciais e determinantes para a resolución final.

2. Tamén se acordará a revogación cando con posterioridade á concesión dos beneficios da protección temporal se teñan razóns fundadas para considerar que os beneficiarios se encontran comprendidos nalgunha das causas recollidas no artigo 12.

3. Unha vez instruído o procedemento de revogación, o ministro do Interior decidirá, logo da proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio.

Artigo 26. *Regreso ó país de orixe.*

Os ministerios do Interior, de Asuntos Exteriores e de Traballo e Asuntos Sociais coordinarán as súas actuacións para posibilita-lo regreso voluntario das persoas beneficiarias da protección temporal ou daquelas das cales a protección temporal chegase á súa fin.

